



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 26)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **nove de xullo de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOUS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de xullo de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS FOTOGRÁFICOS E DE APOIO PARA A ÁREA DE CULTURA, CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO E REDE MUSEÍSTICA

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de servizos fotográficos e de apoio para a Área de Cultura, Centro de Artesanía e Deseño e Rede Museística, consta no mesmo:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EQDC3ZUU5ZD7YSEVMCNYDAY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EUWRSYHVD72B2A3W5N3XQAI.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EUWRTPXU4RVEMTUVA4NR7OE.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EQHQ2GH553XBDAZOBMNLRII.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E6OQIJZZZTHGOCVYV4ER6J4.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E6OQJHHZILK4625YU4IAXEM.



Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos fotográficos e de apoio para a Área de Cultura, Centro de Artesanía e Deseño e Rede Museística, cunha duración de dous anos prorrogable por anualmente sen que a duración total do contrato (incluídas as prórrogas) exceda de catro anos, contados a partir da sinatura da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 97.284,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 16.884,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 80.400,00 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN	2021	21/RC	2022	22/RC	2023	23/RC
REDE MUSEISTICA PROVINCIAL	3330.22799	19.003,09	22021/15199	38.006,14	220219/238	19.003,09	220219/238
AREA DE CULTURA	3340.22799	3.854,26	22021/15202	7.708,56	220219/239	3.854,26	220219/239
CENTRO DE ARTESANIA E DESEÑO	2413.22799	1.463,65	22021/15205	2.927,30	220219/240	1.463,65	220219/240
SUMA		24.321,00		48.642,00		24.321,00	
TOTAL							97.284,00

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE HOSTING E MANTEMENTO DO SERVIZO DE CORREO ELECTRÓNICO, OS DOMINIOS CORPORATIVOS E WEBS EXTERNAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 25 de xuño de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EWEI3ZIPIJTGDAYW5ELRO6I.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EVUDK3AFKJKH6ZTVV4IREOA e V7EVUHYDPUSYVG2SINQB52OAM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EWEIYLVVL7RGL67QXGUIPEE.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EQS35HMXX5DFY4YGAK3SBAI.



Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EQS2IJPRM5S66YRNTCJXQMY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EQWL7HZJKZC6YWQXML4HB6E.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EQWPNB5NT4XOMYEUVKEITKA.

Acordo da Xunta de Goberno de data 08 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adjudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EQGYPAFEP36NCUFOF4R77M4.

Acta da Mesa de contratación do día 17 de xuño de 2021, con CSV: IV7E43PC3RPCZOULAJFM4NKUCE, na que se recolle o seguinte:

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e apertura de proposición económica e outros criterios avaliados automaticamente, sobre único.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
ALTIA CONSULTORES S.A.
LLOOL TECHNOLOGY, S.L.
SERVICIOS DE HOSTING EN INTERNET. S.A.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura do sobre electrónico único e exame do Anexo I, acreditación dos requisitos previos, resultando que os licitadores presentan a declaración responsable denominada Anexo I, requirida no PCAP, debidamente cumprimentada e asinada, polo que os membros integrantes da Mesa de Contratación acordan admitir as propostas ao proceso de adjudicación e proceder ao exame do Anexo III, relativo aos criterios de adjudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática, recollidos no PCAP, resultando o que se indica a continuación.

Oferta Altia Consultores S.A.

	LIMITE DOS PREGOS	MAX	FORMULA	OFERTADO	PUNTUACIÓN
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN					
Oferta económicamente más ventajosa	21.780,00 € (IVE ENGADIDO)	50	$P_i = \frac{\min(O)}{O_i} * 50$	20.567,58 euros.	38,23
Dominios					
Ampliación número dominios	70 dominios	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	90 dominios	2,25
Hosting LINUX					
Ampliación de almacenamiento (excluyendo correo electrónico)	4.000 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	4.512 GB	1,41
Ampliación de RAM	48 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	64 GB	1,25
Hosting WINDOWS					
Ampliación de almacenamiento (excluyendo correo electrónico)	2.000 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	2.500 GB	1,56
Ampliación de RAM	64 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	80 GB	1,56
Correo electrónico					
Ampliación espacio de almacenamiento	2.000 GB	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	4000 GB	6,67
Servicios adicionales de hosting					
Ampliación servicio de auditoría	12 meses	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	48 meses	10
Ampliación almacenamiento FTP	1000 GB	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	2.200 GB	5,5
Ampliación almacenamiento Archivos Intercambio Nube	1500 GB	7,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 7,5$	2.200 GB	4,13
				TOTAL PUNTUACIÓN	72,56



Oferta Llool Technology, S.L.

	LIMITE DOS PREGOS	MAX	FORMULA	OFERTADO	PUNTUACIÓN
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN					PUNTUACIÓN
Oferta económicamente más ventaxosa	21.780,00 € (IVE ENGADIDO)	50	$Pi = \frac{\min(O)}{O_i} * 50$	18.150 euros	43,32
Dominios					
Ampliación número dominios	70 dominios	2,5	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	90 dominios	2,25
Hosting LINUX					
Ampliación de almacenamiento (excluyendo correo electrónico)	4.000 GB	2,5	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	6000 GB	1,88
Ampliación de RAM	48 GB	2,5	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	128 GB	2,5
Hosting WINDOWS					
Ampliación de almacenamiento (excluyendo correo electrónico)	2.000 GB	2,5	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	3.000 GB	1,88
Ampliación de RAM	64 GB	2,5	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	128 GB	2,5
Correo electrónico					
Ampliación espacio de almacenamiento	2.000 GB	10	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	6000 GB	10
Servizos adicionales de hosting					
Ampliación servicio de auditoría	12 meses	10	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	24 meses	5
Ampliación almacenamiento FTP	1000 GB	10	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	4000 GB	10
Ampliación almacenamiento Archivos Intercambio Nube	1500 GB	7,5	$Pi = \frac{O_i}{\max(O)} * 7,5$	4000GB	7,5
				TOTAL PUNTUACIÓN	86,83

Oferta Servicios de Hosting en Internet. S.A.

	LIMITE DOS PREGOS	MAX	FORMULA	OFERTADO	PUNTUACIÓN
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN					
Oferta económicamente más ventaxosa	21.780,00 € (IVE ENGADIDO)	50	$P_i = \frac{\min(O)}{O_i} * 50$	15.725,16 euros	50
Dominios					
Ampliación número dominios	70 dominios	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	100 dominios	2,5
Hosting LINUX					
Ampliación de almacenamento (excluyendo correo electrónico)	4.000 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	8000 GB	2,5
Ampliación de RAM	48 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	96 GB	1,88
Hosting WINDOWS					
Ampliación de almacenamento (excluyendo correo electrónico)	2.000 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	4000 GB	2,5
Ampliación de RAM	64 GB	2,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 2,5$	128 GB	2,5
Correo electrónico					
Ampliación espacio de almacenamento	2.000 GB	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	4000 GB	6,67
Servizos adicionales de hosting					
Ampliación servicio de auditoría	12 meses	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	24 meses	5
Ampliación almacenamento FTP	1000 GB	10	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 10$	2000 GB	5
Ampliación almacenamento Archivos Intercambio Nube	1500 GB	7,5	$P_i = \frac{O_i}{\max(O)} * 7,5$	3000GB	5,63
				TOTAL PUNTUACIÓN	84,18

**Non existen ofertas incursas en presunción de baixa, xa que o límite está en 15.243,82euros.

“Ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo:



Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.”

A Mesa acorda, por unanimidade, publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público as puntuacións totais e adoptar os seguintes acordos.

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	LLOOL TECHNOLOGY, S.L.	86,83
2	SERVICIOS DE HOSTING EN INTERNET. S.A	84,18
3	ALTIA CONSULTORES S.A.	72,56

Requirir á empresa Llool Technology, S.L, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa Llool Technology, S.L, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 25 de xuño de 2021, e de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, infórmase que da documentación extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece), consta acreditada a seguinte documentación:

A Personalidade, capacidade do empresario e representación.

No mesmo certificado, consta o obxecto social da empresa, sendo adecuado para esta licitación.

Aos efectos de complementar esta documentación o servizo de contratación incorpora ao expediente a seguinte:

Certificación administrativa emitida pola AEAT en relación á situación de censo de actividades económicas, no que consta o epígrafe 854 “Explotación electrónica por terceiros”.

“Este grupo comprende la prestación de servicios de estudio y análisis de procesos para su tratamiento mecánico, de programación para equipos electrónicos, de registro de datos en soportes de entrada para ordenadores, así como la venta de programas, el proceso de datos por cuenta de terceros y otros servicios independientes de elaboración de datos y tabulación.”

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Tendo en conta que os membros da mesa, previamente á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar todas a documentación que o integra, polo que ao non facer observacións alguna neste sentido enténdese que a documentación é correcta.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

A Mesa de Contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:



Adjudicar a Llool Technology, S.L., a contratación do Servizo de hosting e mantemento do servizo de correo electrónico, os dominios corporativos e webs externas, por un importe de 18.150 euros (IVE engadido), inclúe 3.150 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 15.000,00 euros de base.

A duración do contrato será de dous anos a contar dende o día 24.10.2021, unha vez que finalice o contrato que está en vigor, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo. A formalización do contrato efectuarase pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adjudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adjudicar a Llool Technology, S.L., a contratación do servizo de hosting e mantemento do servizo de correo electrónico, os dominios corporativos e webs externas, segundo o ofertado e por un importe de 18.150 euros (IVE engadido), inclúe 3.150 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 15.000,00 euros de base.

	MELLORAS OFERTADAS
Dominios	
Ampliación número dominios	90 dominios
Hosting LINUX	
Ampliación de almacenamento (excluíndo correo electrónico)	6000 GB
Ampliación de RAM	128 GB
Hosting WINDOWS	
Ampliación de almacenamento (excluíndo correo electrónico)	3.000 GB
Ampliación de RAM	128 GB
Correo electrónico	
Ampliación espazo de almacenamento	6000 GB
Servizos adicionais de hosting	
Ampliación servizo de auditoría	24 meses
Ampliación almacenamento FTP	4000 GB
Ampliación almacenamento Arquivos Intercambio Nube	4000GB

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- A duración do contrato será de dous anos a contar dende o día 24.10.2021, unha vez que finalice o contrato que está en vigor, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

4º.- O importe do contrato ascende a 18.150 euros IVE engadido, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021	9200.216	1.663,75 euros
2022	9200.216	9.075,00 euros
2023	9200.216	7.411,25 euros

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 1.663,75 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 e 2023 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.



5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA OS SERVIZOS DE MECANIZADOS DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de dos Servizos de Mecanizados da Excma. Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EVST32FF3LKG4RUHB55CDEU.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7EQHBMH5STGZCQVVAKQSO6Q.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7EVSTZL3WZTDHY44FHCELWAY.

Prego de cláusulas administrativas particulares: IV7E6ADNPNMCRCB37R6AETX7EM.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7E6LHKPNN37BP4YQIM44SCEE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E6PAMGDUKQRJDY7YE54IQ4Y.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar deserto o procedemento 2021/CON02/000034, contratación dos servizos de mecanizados da Excm. Deputación de Lugo, a vista da proposta da mesa de contratación de 1 de xullo de 2021, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declarar deserto o procedemento.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterio de puntuación, que se recolle para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 18.000,00 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 3.123,97€), con cargo ó orzamento das anualidades 2021 e 2022, atendendo a seguinte desagregación:

CENTRO	APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	TOTAL (IVE ENGADIDO)	RC
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2021	1.652,89	2.000,00	22021/15196
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2022	1.652,89	2.000,00	220219/242
PARQUE MÓBIL	9201.213	2021	7.000,00	7.000,00	22021/15198
PARQUE MÓBIL	9201.213	2022	7.000,00	7.000,00	220219/241
SUMA			17.305,78	18.000,00	



Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 9.000,00€ para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON SUBMINISTRACIÓNS E MODIFICADO DE PROXECTO DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Mondoñedo no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser

adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	137	REPARACIÓN DE PONTE DO ARCO EN MASMA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	20.041,47	20.041,47€

A Alcaldía do Concello de Mondoñedo a través de escrito de data 29/06/2021 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 137, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... falta de autorización de Augas de Galicia ...” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	137	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE COUBOEIRA, MASMA E ARGOMOSO, INCLUÍDO HONORARIOS	--	20.041,47	20.041,47€

A base 16, indica que “... motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.



A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

En relación coa adxudicación dos investimentos, toda vez que se substitúe un investimento, e que o prazo de adxudicación dos investimentos inicialmente incluídos xa transcorreu, compre fixar un novo prazo para adxudicar dito investimento, entendéndose suficiente conceder de prazo de adxudicación ata o 15-09-2021, prazo coincidente co que solicita o indicado Concello.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2021, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2021.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Mondoñedo que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONDOÑEDO	137	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE COUBOEIRA, MASMA E ARGOMOSO, INCLUIDO HONORARIOS	--	20.041,47	20.041,47€

2º.- Fixar na data do 15-09-2021, coincidente co solicitado polo Concello, o prazo límite para a adxudicación deste novo investimento, significándolle que deberá achegar o correspondente anexo III de adxudicación así como o cumprimento dos prazos de execución e xustificación fixados nas bases do Plan Único 2020.

3º.- Someter esta modificación do Plan único 2020 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

4º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

5º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, e aplicación de economía derivado de dita modificación.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Becerreá no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, e aplicación de economía derivados desta modificación, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BECERREA	28	OBRAS DE MELLORA NA AVDA DE NAVIA	37.642,64€	143.257,27 €	180.899,91 €

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, do indicado investimento:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DEPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BECERREA	28	OBRAS DE MELLORA NA AVENIDA DE NAVIA	1532.76201	33.595,85€

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 30/04/2021 accedeuse ao solicitado polo Concello de Becerreá, en relación coa aplicación de remanentes producidos nas adxudicacións dos investimentos incluídos no Plan Único 2020, de xeito que se financiaron con cargo a remanentes os seguintes investimentos:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BECERREÁ	REM	MELLORA DE BEIRARRÚAS NA MARXE ESQUERDO DA RÚA EULOGIO ROSÓN	1532.76201	10.060,02€	33.595,85€	43.655,87€
BECERREÁ	REM	REPINTADO DE VÍAS DO CONCELLO DE BECERREÁ	1531.76201	--	794,69€	794,69€

A Alcaldía do Concello de Becerreá, a través de escrito de data 22/06/2021 solicita:

A modificación do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 28, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “...existencia de servizos non documentados así como existencia de beirarrúas ocas que non se puideron detectar ata o inicio das obras ..”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala (unha vez aplicada a baixa de adxudicación) , documentación e proxecto da actuación solicitada, a financiar coa economía producida como resultado do modificado, así como a aplicación das economías derivadas desta modificación no investimento indicado, de xeito que quedarían financiados, o inicialmente incluído (28) e o incluído a financiar coa economía, como segue:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BECERREA	28	MODIFICADO OBRAS DE MELLORA NA AVDA DE NAVIA	1532.76201	23.786,68€	90.517,40€	114.304,08€
BECERREA	ECON-28	PROXECTO MELLORA NA MARXE DEREITA DO TRAMO FINAL DA AVDA. DE NAVIA	1532.76201	5.030,76€	19.144,02€	24.174,78€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “...



calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Becerreá que se sinala e que queda incluído no Plan Único 2020, e a aplicación de economías derivada de dito modificado, quedando así incluídos no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Becerreá, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, así como a aplicación da economía derivada de dito modificado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, e aplicación de economía nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BECERREA	28	MODIFICADO OBRAS DE MELLORA NA AVDA DE NAVIA	1532.76201	23.786,68€	90.517,40€	114.304,08€
BECERREA	ECON-28	PROXECTO MELLORA NA MARXE DEREITA DO TRAMO FINAL DA AVDA. DE NAVIA	1532.76201	5.030,76€	19.144,02€	24.174,78€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

Primeira.- *Escrito do Concello de Lugo, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 126-127-128-129-130 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Lugo, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (126-127-128-129-130) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.



Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Lugo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LUGO	126	REXENERACIÓN DE FIRME EN ESTRADA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE ROMEÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	4.277,61€
	127	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA MUNICIPAL DE ABELEDO A RECEMIL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	21.560,90€
	128	REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DE CHAVIAN A PEDREDA, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	14.234,15€
	129	REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA MUNICIPAL DE A SILVA AO LÍMITE DO CONCELLO DE GUNTÍN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	38.043,59€
	130	ABASTECIMENTO DE AUGA AOS NÚCLEOS DE ADAI, AS CANCELAS, VILAMAIOR E PORTOMEILÁN, INCLUÍDO HONORARIOS	1610.76201	47.257,16€

Por escrito de data 30/06/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DAS DÚAS ESTRADAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PIAS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	43.405,75€	43.405,75€
	REM	MELLORA DO FIRME ESTRADAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PIUGOS E TIRIMOL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	29.388,74€	29.388,74€
	REM	ABASTECIMENTO DE AUGA A ADAI. FASE 2	1610.76201	--	47.257,16€	47.257,16€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Lugo, no Plan Único 2020.



A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lugo e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
LUGO	REM	MELLORA DO FIRME DAS DÚAS ESTRADAS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE PIAS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	43.405,75€	43.405,75€
	REM	MELLORA DO FIRME ESTRADAS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE PIUGOS E TIRIMOL, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	29.388,74€	29.388,74€
	REM	ABASTECIMENTO DE AUGA A ADAI. FASE 2	1610.76201	--	47.257,16€	47.257,16€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do Concello de Vilalba, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 317-318-319 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Vilalba, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (317,318,319) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Vilalba presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
VILALBA	317	RENOVACION DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA RÚA JOSE MARIA CHAO LEGO, INCLUÍDO HONORARIOS	1610.76201	17.867,52€
VILALBA	318	OBRAS DE HUMANIZACIÓN E MELLORAS DAS INTERSECCIONS DAS RUAS PEDREIRAS, PORTA DA CIMA E PITA DA VEGA, INCLUÍDO HONORARIOS	1532.76201	43.804,83€
VILALBA	319	MELLORA DE ACCESOS A CASCAMAÑO, O MONTE, REBORDELO (CODESIDO) E MILLARES (SANTABALLA)	1531.76201	2.164,71

Por escrito de data 30/06/2021 e posterior aclaración, o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
VILALBA	REM	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RUA DA EMIGRACION	1532.76201	16.066,08€	43.804,83€	59.870,91€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Vilalba, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Vilalba e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
VILALBA	REM	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN RUA DA EMIGRACION	1532.76201	16.066,08€	43.804,83€	59.870,91€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio con contrato vencido.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:



ACREEDOR	Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
SUMINISTROS AGRICOLAS OTERO S.L.	A 91	30-01-2021	14.143,45 €	ADQUISICION PALLA DE CEBABA LONGA PARA A GRANXA PROVINCIAL 2021/FAC_01/000593	Subministros	XANEIRO-2021
TOTAL			14.143,45 €			

Vista memoria xustificativa emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato finalizado.

Vistos informes do Servizo de Contratación e Fomento e de Intervención

Vista a Resolución da Presidencia de data 23/06/2021 na que se aproba que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 14.143,45€ segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo as obrigas e propondo o pagamento da indicada factura, por un importe total de 14.143,45 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 02-06-2021, RELATIVO A VALIDACIÓN DE GASTOS DE FACTURAS DA GRANXA PROVINCIAL, POR ERRO NA PROPOSTA DE ACORDO.

Logo de ver a proposta a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Advertido erro material no acordo da Xunta de Goberno de 2 de Xullo de 2021, en relación ao seguinte acordo: “Informe-proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa

Gayoso Castro, en relación coa omisión de fiscalización de obrigas do vixente exercicio sen contrato polo importe de 7.262,67€”, en relación co pago de diversas facturas, entre as que se encontra a seguinte:

Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	ACREEDOR	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
F21/0000880	2021-01-11	Federación Frisona Galega	185,35 €	Cota Socio Anual Conafe, Cota Reprodutora Conafe e Fefrica 1º semestre/21 Gayoso Castro. 2021/FAC_01/000321	Servizos	2021-01-11

Proponse á Xunta de Goberno a corrección do dito erro material no seguinte sentido:

Onde di:

Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	ACREEDOR	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
F21/000080	2021-01-11	Federación Frisona Galega	185,35 €	Cota Socio Anual Conafe, Cota Reprodutora Conafe e Fefrica 1º semestre/21 Gayoso Castro. 2021/FAC_01/000321	Servizos	2021-01-11

Debe dicir:

Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	ACREEDOR	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
F21/0000880	2021-01-11	Federación Frisona Galega	185,35 €	Cota Socio Anual Conafe, Cota Reprodutora Conafe e Fefrica 1º semestre/21 Gayoso Castro. 2021/FAC_01/000321	Servizos	2021-01-11

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE RESCISIÓN DE CONTRATO DE COMPROMISO DE COMPRAVENDA DA PARCELA NÚMERO 23 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE FRIOL, EXECUTADO POLA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“En data de 25 de febreiro de 2021, foi presentado escrito por Ayse Lucus S.L.P e no seu nome Mercedes Rodríguez Lodeiro, designada Administradora Concursal no expediente de Concurso Voluntario Abreviado nº 205/2021 da mercantil Floricultura Terra Cha S.L.U. mediante o que expón:

“...Primero.- Que con fecha 04 de Febrero de 2021 la mercantil Floricultura Terra Cha S.L.U. ha sido declarada en concurso de acreedores (Documento nº 1), aceptando el cargo como Administradora Concursal mediante acta de aceptación de fecha 05 de Febrero de 2021 (Documento nº 2).

Segundo.- Que, con fecha 01 de Abril de 2008, la mercantil Floricultura Terra Cha S.L.U. y la Sociedad Urbanística Provincial de Lugo firmaron un contrato de compromiso de venta de la Parcela nº 23 A Gandara Friol, finca registral nº 8748 del Registro de la Propiedad nº 2 de Lugo (Documento nº 3).

Tercero.- Que con fecha 16 de Diciembre de 2009, la mercantil Floricultura Terra Cha S.L.U., presentó escrito en el registro de la Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, con nº de entrada 812, solicitando la rescisión del contrato de compromiso de venta de la parcela nº 23 así como la devolución de las cantidades abonadas (Documento nº 4), que ascienden a un montante total de 16.512,95 €, derivado del importe ingresado en garantía por importe de 3.685,93 € y el primer pago por importe de 12.827,02 € (Documento nº 5).

Cuarto.- Que, la mercantil Floricultura Terra Cha S.L.U. no obtuvo respuesta su devolución de las cantidades abonadas, es por ello, que estando en situación concursal, solicita la Administración Concursal la resolución contractual del contrato compromiso de venta de la parcela nº 23 así como la devolución de los importes abonadas por la concursada que asciende a 16.512,95 € en el nº de cuenta ES 11 2080 0037 0230 0008 *****”.

E solicita:

“...que se admita el presente escrito con la documentación que lo acompaña y que formalice la rescisión del contrato de compromiso de venta de la parcela nº 23 formalizado con

fecha 01 de Abril de 2008, entre la concursada y Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, así como la devolución de las cantidades abonadas por un importe total de 16.512,95 € en el nº de cuenta ES11 2080 0037 02300008 ****.”

En sesión do Consello de Administración de SUPLUSA , de data de 7 de outubro de 2005, foron aprobadas, as condición xerais de venta das parcelas da Área Industrial de Friol, modificadas nas sesión celebradas en data de 26 de xuño de 2006 e 29 de xuño de 2010, establecendo que:

“...con la reserva de suelo se establecerá una garantía en metálico equivalente al 10% del precio...”

En data de 16 de abril de 2007, foi presentada pola empresa Floricultura Terra Chá S.L, ante a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, oferta para a adquisición da Parcela 23 da Área Industrial de Friol. O prezo desta parcela ascendía a trinta e seis mil oitocentos cincuenta e nove euros con vinte e oito céntimos (36.859,28 €) máis I.V.E, depositando, en concepto de garantía, o importe de tres mil seiscientos oitenta e cinco euros con noventa e tres céntimos (3.685,93 €), en data de 18 de abril de 2007.

En data de 23 de xaneiro de 2008, a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A notificou á empresa Floricultura Terra Cha S.L a adxudicación da parcela 23 da Área Industrial de Friol, e, ademais, requiriuse a realización do primeiro pago da mesma, que ascendía a un 30% del importe total de la parcela, polo tanto, a once mil cincuenta e sete euros con setenta e oito céntimos (11.057,78 €) máis I.V.E.

En data de 26 de febreiro de 2008, foi ingresado pola empresa Floricultura Terra Cha S.L o importe de nove mil cento corenta e un euros con nove céntimos (9.141,09 €), emitíndose a factura correspondente, con número T12/08, a favor de Floricultura Terra Cha S.L por importe de once mil cincuenta e sete euros con setenta e oito céntimos (11.057,78 €) máis o I. V.E que ascendía a mil setecentos sesenta e nove euros con vinte e catro céntimos (1.769,24 €), sendo polo tanto, o importe total ingresado de doce mil oitocentos vinte e sete euros con dous céntimos (12.827,02 €) e asinándose o correspondente contrato privado de compromiso de venta, en data de 1 de abril de 2008.



O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

A aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

Á vista do informe emitido pola Sección de Patrimonio con CSV IV7H5W252EFKXLWKC7XBJ5QVMQ.

Á vista do informe emitido por Intervención con CSV IV7ESPPSOEND7PH37QOBCPYTD4.

Polo exposto, e co fin de proceder á rescisión do contrato de compromiso de compraventa da parcela número 23 do Polígono Industrial de Friol , propono á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Rescindir o contrato de compromiso de compraventa da parcela número 23 do Polígono Industrial de Friol asinado entre a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A e a empresa Floricultura Terra Cha S.L.

2º.- Devolver a cantidade de a sete mil trescentos setenta e un euros con oitenta e cinco céntimos (7.371,85€) á empresa Floricultura Terra Cha S.L.

3º.- Notificar o presente acordo á empresa Floricultura Terra Cha S.L”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que de D. José Manuel Mouriz Broz, Encargado Persoal de Oficios do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe do Parque Mobil Provincial, cumpre os 65 anos de idade o día 7 de agosto de 2021.

Que D. José Manuel Mouriz Broz, terá recoñecidos 40 anos, 2 meses e 7 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 7 de agosto de 2021, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, en consecuencia, un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa vixente:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.



Artigo 67 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que preveña as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente reductor por razón da idade”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta que D. José Manuel Mouriz Broz terá acreditado, á data do 7 de agosto de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no

servizo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. José Manuel Mouriz Broz, con efectividade do día 7 de agosto de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 119/2021/A.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº119/2021/A interposto por D. Nemesio Prieto Pita fronte á resolución da Deputación de data 8 de febreiro de 2021 pola que desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola cantidade de 1.078,19 euros, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Conta e cumprimento do Decreto de 22-10-2020, ditado pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no Procedemento Ordinario 4361/2018.Procedemento Ordinario 4361/2018.*

Visto que no Procedemento Ordinario 4361/2018 seguido a instancia desta entidade fronte á resolución do Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil de data 31 de agosto de 2018 no expediente S/27/0095/17 desestimatoria do recurso de reposición interposto fronte a resolución do mesmo organismo de data 2 de abril de 2018, a Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou en data 4 de outubro de 2019 a Sentenza nº473/2019 en cuxo fallo desestima o recurso interposto con imposición de custas á parte demandante.

Visto que con data 22 de outubro de 2020 a Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia dita Decreto no que acorda aprobar a taxación de custas practicada neste procedemento por importe de 1500 euros a cuxo pago foi condenada a Deputación en virtude da mencionada sentenza.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, de acordo coa proposta do Servizo de Asesoría Xurídica, o ingreso ingreso da cantidade de 1500 euros, en concepto de custas, na conta de consignacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia indicada no devandito Decreto de data 22 de outubro de 2020.

Segunda.- *Conta da Resolución da Presidencia de oito do presente mes de xullo, relativa á avocación de competencia e aprobación do convenio de cooperación co Concello de Vilalba.*

Logo de ver a Resolución da Presidencia sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Tras ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento respecto da proposta de convenio formulada a pedimento do concello de Vilalba para a formalización dun convenio de cooperación que permita a achega do medio propio TRAGSA en garantía do mantemento do servizo público e as súas instalacións en condicións de salubridade sen interrupción da prestación de servizos á cidadanía.

Considerando a urxencia na subscrición do convenio que non admite demora por canto serve a correcta prestación de servizos públicos municipais en o marco de competencias concorrentes, considerando o disposto no art. 10 da Lei 40/2015 que establece a posibilidade dos órganos administrativos de avocar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente e en o mesmo sentido segundo o previsto no Regulamento Orgánico desta Deputación de Lugo (BOP 10/03/2011) segundo o seu artigo 59. c), avócase para esta presidencia a competencia que lle corresponde de modo orixinario de acordo coas previsións da LBRL .

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Polo que se refire o encargo ao medio propio instrumental, a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da



letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2, a realización entre outras as seguintes tarefas:

“j) A realización de tarefas para as que se lle requira pola vía de urxencia ou de emerxencia, ou actividades complementarias ou accesorias ás citadas anteriormente.

Engaden os estatutos que en relación con calquera obra ou servizo, se considerará a vía de urxencia, independentemente do seu ámbito territorial ou da tipoloxía da actuación, nos seguintes supostos:

Procedementos de licitación que quedasen desertos, por non terse presentado ningunha oferta ou por ser irregulares as presentadas”

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución destes traballos e constatado que existen títulos competenciais para articular e ordenar unha cooperación administrativa, reforzada pola necesidade de dar unha resposta áxil a unha necesidade que se debe afrontar con urxencia, segundo a motivación incorporada ao expediente, proponse que pola Presidencia, se adopte a seguinte Resolución:

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a subscrición do presente convenio

2º.- Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a

prestación sen solución de continuidade e en óptimas condicións do servizo de limpeza e control de accesos dos distintos edificios e dependencias municipais.

3º.- Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do escrito da Alcaldía, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas en o convenio de cooperación e os seus anexos que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

4º.- Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual demoraría ou impediría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

5º.- TRAGSA acredita con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do mesmo

6º.- No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

7º.- Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidas polo Concello de Vilalba .

8º.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Vilalba nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente (Cód. Validación: 3DE2X77LJHX55W7NAMDEWD3H7 Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>)

9º.- De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSA como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 227.305,13 euros, de acordo co establecido no convenio, e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de



encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 6 meses prorrogables mensualmente ata un máximo de 6 meses mais.

10º.- A empresa pública TRAGSA encargárase de realizar as seguintes tarefas:

1. Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

2. Proporcionar ao Concello de Vilalba e á Deputación Provincial información periódica sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo, así como canta información solicíteselle sobre a realización dos traballos.

3. Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

11º.- Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

12º.- Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Vilalba, de acordo co clausulado do convenio.

13º.- Dar conta da presente resolución a próxima Xunta de Goberno Provincial que se celebre”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.